

UR BA NO

LUGRÍS

coroa poética a Urbano LUGRÍS

Urbano. Homenaxe a Urbano Lugrís d'A Nave das Ideas encóntrase baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada 3.0 Unported.

Os textos aquí presentados foron elaborados partindo dalgunha obra de Urbano Lugrís por unha marea fermosa de autoras e autores aos que a Nave só pode expresar o seu agradecemento.

Queremos enviar un agradecemento especial á familia de Urbano Lugrís (especialmente ao seu fillo Urbano e a súa neta Victoria) pola súa desinteresada colaboración e boa disposición para a homenaxe, así como para a elaboración desta modesta edición dixital.

Pregamos a todas as persoas que cheguen a este pequeno libro que o difundan coma unha botella no mar.

navedasideas@gmail.com



Obra editada pola asociación cultural **A Nave das Ideas** baixo licenza Creative Commons (recoñecemento - non comercial - sen obra derivada).

Os textos aquí presentados foron cedidos polos seus autores como homenaxe ao pintor de sereas e soños Urbano Lugrís dentro dos actos conmemorativos da figura do artista galego celebrados en Vigo e Coruña o 17 de decembro do ano 2011 mentres os mercados asolagaban a vella Europa. Os dereitos de cada un dos poemas aquí presentados pertencen a cada autora/autor.

Máis información:
anavedasideas.blogaliza.org

coordinación e edición: *daniellandesa*
portada: *davidrodríguez*

PROEMIO
UR PICTURA POESIS
A alongada sombra do poeta Urbano Lugrís

Urbano Lugrís finou en Vigo no Nadal de 1973. Breves liñas nos xornais galegos deron conta da súa morte. Algunhas sentidas dedicatorias, sí, dos seus amigos; pero certo que morreu en indixencia e case total soidade. Tanta como a que acompañou, no último momento, ó seu compañeiro xeracional, Eduardo Blanco Amor, falecido noutro mes de decembro, seis anos máis tarde, nun triste hotel da mesma cidade: esa Xouba City tan ben alcumada por Lugrís a xulgar polo aprezo que lle mostraba ós seus artistas e poetas.

Se para o escritor ourensán, as honras fúnebres celebradas en Auria quixeron reparar de inmediato a imperdoable débeda; para o pintor vigués a cousa foi ben distinta. Aínda para 1984 apuntaba timidamente o crítico González-Alegre: "... tan só en parte esta exposición, que agora presenta a Caixa de Aforros de Vigo, ven paliar esta situación de descoñecemento que a obra de Lugrís sofre actualmente en Galicia".

A declaración resulta hoxe, a case trinta anos vista, verdadeiramente sorprendente. A alongada sombra do pintor proxéctase actualmente como xigante no país galego e medra xa, sen impedimento, máis alá das nosas fronteiras.

O colectivo A Nave das Ideas volve constata-lo feito promovendo, neste mes de decembro, un feixe de novidosas iniciativas arredor do artista. De todas talvez sexa esta publicación a que, ó meu entender, vaia ter maior transcendencia, ó libera-lo artista da habitual interpretación historiográfica e permitir abordalo desde outro ángulo, sorprendentemente inexplorado, pero máis propicio: a poesía.

Sen dúbida só os poetas poden axudarnos a descifra-la fonda fasciación que o pintor-poeta, o poeta-pintor, Urbano Lugrís continúa exercendo sobre nós. Só eles albiscan o insondable misterio que a súa obra vai representar sempre.

José Ballesta
Director do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León"

MANIFESTO ACCIÓN URBANO, OCÉANO LUGRÍS

Sereas, peixes, fanais, nordés, astrolabios, cartografías, quinqués, mastros, baleas, veleiros, sextantes, salitre, xerfa, escumallos, rosa dos ventos... **océano Lugrís!**

O mar, o meirande complexo industrial da historia de Galicia, aparafusa dúas urbes. A Coruña e Vigo irmandadas para espallar o berro a prol da cultura. O neocontubernio galaico que pinta nun extenso grafiti pola AP-9 a afirmación eterna de sermos nós, nós só. Atendede ben, poñede as orellas guichas; os de alí, os da alá, os de aquí e os de acolá: abaixo os localismos! A Coruña, Vigo, a mesma cidade son!

O Atlántico molla os pés desta Atlántida que é a nosa terra. Somos exploradores. Devecemos por descubrir a arte na súa totalidade porque somos pintura, música, deseño, gravado, arquitectura, escultura... porque temos xenio de artistas.

Reclamamos con toda a fachenda a obra e a figura universal que é Urbano Lugrís. Plastificou o mar, os fondos mariños, a area de Rande, das Sisargas, do Berbés e do Orzán. Eternizou o misterio dos soños dos capitáns de galeóns e dos mariñeiros dos pailebotes. Case toda a produción de Lugrís destila salitre, recolle expresións contidas en botellas que vogan polas ondas. Todo Lugrís é un ser xenial que merece un lugar altísimo no parnaso da cultura.

Con Lugrís tamén queremos facer unha denuncia: a literatura galega é imperialista. Invade e ocupa a noción cultura nacional. Converte a produción artística en letras. Fortalece os seus espazos mentres afoga outros. Nosoutros somos xeneticamente antiimperialistas. Rachemos coas fronteiras do Día das Letras Galegas para crearmos o Día das Artes Galegas. Invadamos toda Galicia de arte, convertamos o Día das Artes Galegas na causa da cultura galega.

Non queremos máis Atlántidas; queremos Galicia enteira para nosoutros e para vosoutros. Queremos apreixar as culturas doutros pobos cos pés chantados no noso, sabedores do que temos, valedores da nosa riqueza.

Soldémonos nas pranchas metálicas deste enorme pailebote que é Galicia: asolaquemos aldeas, vilas e urbes co océano, fagamos que o vento leve a maré de Urbano Lugrís.



l u g r í s
 - - - - -
 c o r o a p o é t i c a

Lucía Aldao	7
Fran Alonso	8
Miguel Ángel Alonso Diz	10
María Alonso Seisdedos	12
Xosé María Álvarez Cáccamo	14
Anxo Angueira	16
Bruno Bouvy Vilaboa	18
Darío Xohan Cabana	20
César Candelas	22
Iago Castro Buerger	23
Francisco Castro	25
Olalla Cociña	26
Ledicia Costas	27
Xosé daniel costas Currás	29
Marta Dacosta	30
Antón Dobao	32
Lara Domínguez Araújo	34
Xosé Manuel Esperante	36
Estíbaliz Espinosa	38
Eduardo Estévez	42
Manuel Forcadela	45
Luis gonzález Tosar	47
Nolim González	48
María Lado	50
Daniel Landesa	52
Xosé Antón Laxe Martiñán	53
Tati Mancebo	55
Xurxo martínez González	56
Olga Novo	59
Samuel L. París	61
Mario Regueira	66
Luís Rei Núñez	68
María Reimóndez	70
Elvira Riveiro Tobío	72
David Rodríguez	74
Laura Sáez	75
Xosé Luís Santos Cabanas	76
Séchu Sende	78
María N. Soutelo	79
Pablo Texón	81
Miguel Valverde juncal	83
Miro Villar	85
Isaac Xubín	86




Lenda mariña (1946)

Lucía Aldao

Hai unha megafonía estraña que anuncia un calendario repleto de mareas,
intercala cancións desas terribles que me traen recordos
para que me sinta ben
no caso de que confirme que este sol
está feito do mesmo material que ti cando regresas.

Por educación ou por vicio
chamarei ó mar precioso unha vez máis.
Fareille saber que libro adentro tamén se *perceba*,
que sei exactamente o que é perder a vida por marisco.

Ou que por exceso ou por defecto de profundidade
eu
son máis de poza que de océano.




Urbano Lugrís · Paisaxe coas illas Cíes · 1965 · Óleo sobre táboa · 124x244 cm.

Fran Alonso

Todos os días, cando a rutina inflexible
me corroe os dedos no volante,
baixando a VG-20 á altura de Matamá,
os meus ollos baten contra un horizonte
Lugrís que pinta as Cíes de sorprendente
divindade. E evoco, cun poder magnético
que me arrebatada, aquel enorme cadro do pintor
de tabernas que meu pai e Roberto mercaron
nun bar da Coruña, sucio, esquecido e estragado;
que logo restauraron e recuperaron
para que presidise a entrada do restaurante
Garabelos, ese lugar onde os seus soños
hostaleiros crearon unha certa e efémera beleza.
Durante case unha década, primeiro no restaurante
e logo nas vertixinosas noites dun bar
de copas chamado Xentes, saído dun profundo
e oceánico naufraxio, aquel LUGRÍS, ese LUGRÍS,
este LUGRÍS presidiu a miña vida repulsiva de barman.

Día tras día, servindo bacardí, ballantines e larios
entre as cabezas fumegantes dos clientes, o azul
imantado do mar chamaba por min co seu canto
de serea desde unha irresistible sentenza de ousadía.
Inseminado polas húmidas pedras daquela antiga
salgadura supurante que a oportunidade hostaleira
reciclou á categoría de pub, fitaba o mar para me manter
a flote –chovese, ventase ou fixese un sol de carallo–
da turbación dunha música que nunca se detiña.
E, ollando de esguello e con lascivia a tentación
oceánica da demoledora paisaxe lugrisazul,
procedía, discretamente e sen permiso,
a servirles aos clientes un subversivo *cock-táil*
que debuxaba no mapa da traquea
un lenzo de irreparable liberdade.

decembro 2011



Cerre caput castellae (1963)

Miguel Ángel Alonso Diz

Pecho os ollos

e vexo tras o teu corpo
mares e sereas,
ciudades imposibles
e azuis baleas.

Vexo tamén a terra
que doe,
e a ialma
que berra.

Vexo unha lingua fendida
nun deserto de area.

Pecho os ollos
E vexo un Verne, un Ulises,
un pincel soñador
cheo de letras,
que danzan lentamente
nun mar de imaxes poéticas.

Pecho os ollos
por non saber
encaixar a derrota,
e sinto a tristeza
dos últimos trazos,
nese inverno do setenta e tres
que afoga.

E sento, finalmente, ao teu carón,
ollando a porta,
que garda no seu interior
un gran xenio,
un amor,
a súa obra.

E pecho os ollos...



Mar dos argazos (1946)

María Alonso Seisdedos

Só na boca o sal

Nesta prisión de ar contido, de mágoas,
rizóns e mastros sen vela, argazos
fosen os meus cabelos, nácara as uñas
de cunchas e os desexos meus,
dos ósos de náufragos mortos no sur
os meus ósos, de escamas e espiñas
vivas tamén os meus dentes vivos.

Cata o lenzo que me prende á proa,
mansa mortalla nas cores da serea...!
Non quero ser mascarón, nin reixas!
Quero é nadar arrolada entre anémonas,
marear os ventos ao lonxe das ribeiras
(xamais armas ao peito, nin aos ollos vazados),
unha illa ás veces e sempre horizontes.

Quero é tempestades, o pano negro fendido
no relampar quedo na nudez do océano,
e contento e azul ou verde, até cinéreo.
Non o norai de sombras que me amarra,
nunca este corpo de pau a abafarme as ansias!
Só nos labios un bucio, nin leme nin sextante;

só na boca o sal

e no sal todos os mares.



Son os meus amores máxicos (1970)

Xosé María Álvarez Cáccamo


Poema publicado no libro *Praia das furnas*, 1983.

URBANO LUGRÍS

Da viaxe derradeira no río verde Patinir
apenas unha nasa de eclipses volta a nós.
É Lugrís quen transforma en arquetipos
as figuras dos peixes calcarios,
sobe a liña sumida en tintas brancas.
Da ausencia deslumbrante no vagón esteparío
só volta en nacres murchos
o canto de louza quebrada sobre praias de pel de mazá.
Da airosa fuxida de dorna
pola espalda ferida da lagoa de Faenza no Adriático
regresa a nós craquelado preguizoso alcatrán.

Os dedos de Urbano Lugrís, xemas de cinza,
pousan como paxaros nas táboas leves
labores nocturnos que no abrente deveñen fíos de arañeira
e pespuntan navegacións de tartarugas en cristal.

Furtivo no mercante que entraba nas baías turbas
a recoller derrubamentos minerais en redes pretas,
único viaxeiro Urbano no vapor do río Patinir,
mantivo na materia diminuta o carácter singular da paixón:
un delgado romperse de louzas sobre praias de pel de mazá.



Berbés surrealista (1940-60)

Anxo Angueira

Vigo

Vigo capital das altas undas que venez suz la mar
e moito coidadiño con te pores
meu amigo
a miralas desde o Paseo de Alfonso 15 baixo
belvedere de Vigo
porque sempre é alí a noite
a foula e o ronsel e o ronseltz
construíndose de catro a catro
e todo Vigo alí ten balances
salgadura de Oia a Trasmañó
e está disposto pra se facer á vela
cabotaxe de inéditos consabidos
mares que han vir constelacións
acabouse acabouse
Vigo Manoel Antonio
capitán máis alá
da Futura República capital Vigo
náutica e obreira
e rompente

acólá embaixo o Berbés
xentes do xeito e da coia
Lelo o xiringlador Manolo o do Faro
Moncho o do Metal Menina Queizán clochards
carrexóns carboeiros pescas ghichas escochadoras
escabecheiras morruncheiras carromeiras coseadeiras
antifascistas
fillos da Oliva da Pedra da Laxe
Vigo Berbés trinta e seis
Berbés mariñeiriños do mare e o bou Eva
que zarpa que vai zarpar
cos Castelao Diego Lence
Xosé Lemos Manuel del Río a Calesa
con vinte e sete mortos súbitos mortos na Porta do Sol
co vinte e sete de agosto en Pereiró
con Martínez Garrido e Antela Conde
á cabeza onde estás Ricardo Mella
tiros na Alameda na praia de San Sebastián
tiros na volta de Puxeiros no castelo do Castro
tiros sangue buguinas non
que zarpa o Eva cos mariñeiriños do mare isué
meu Amante Caride forxador agrario Cabral obreiros
ferroviarios tranviarios chiñas esas chiñas
anónimos fotógrafos topógrafos e mestres
carpenteiros ferreiros médicos albaneis pintores
Lavadores acena mil adeuses resistentes
adeus abur Vigo
porque zarpa o bou Eva do Berbés
sen fondo sen buguinas
que poden escoitarnos



Bodegoncio da copa (1960)

Bruno Bouvy Vilaboa

Pídesme axuda, a min!

Ti que consegues que as ondas dos soños
Rompan contra os acantilados
Impregnando coa súa efémera espuma
As duras pedras sobre as que se alzan.

Pídesme axuda e frústrome.
Farto, neste ágape, a túa despedida,
Somentes acerto a verter a miña copa
Derramando sobre a lona branca
As noites que quedaron por beberme os teus soles.

Pídesme axuda e non teño que ofrecerte.
Unicamente podó deixarte partir,
Verte navegar nese barco, cuxa áncora aínda baila no meu lodo,
Por ese mares de prata
Cara un novo abismo.

Pedíchesme unha axuda que non tiña
E agora naufragas,
E arrastras contigo, nun remuíño oleaxinoso,
Uns versos que desesperan polo aire
Que ti engules con ruído de succión.



Homenaxe ós galeóns de Rande (ca. 1970)

Darío Xohán Cabana

Aquelas cousas, claras maravillas,
dornas, piñeiros de sonoras pólas,
sereas, manatís, estrelas tolas
e aveños de medir lonxincuas millas,

aquelas formacións de verdes illas
e grandes irisadas caracolas,
a cachimba, o sextante e as buxolas,
as breves misteriosas escotillas,

o plancto, as correolas, as sardiñas,
as fondas espeluncas submariñas,
esváense entre luz crepuscular,

porque Urbano Lugrís xa non navega
e o silencio feroz da morte anega
todas as rotas do perdido mar.

LUGRÍS NA TABERNA DO ELIXIO

Dixo Lugrís que o mar ten máis camiños
se en nós irrompe e no maxín se interna,
e que as rosas do viño na taberna
son mapas fidelísimos mariños.

Dixo Lugrís que os bos bocois de cerna
son áxiles e breves carabelas
pra singrarmos os rumbos das estrelas
sen temor a soidade nin galerna.

Dixo Lugrís que pola sexta cunca
ninguén dubida da serea linda
e en canto xa coa décima se brinda
deixa Ler a fondísima espelunca


e en proporción de vello mariñeiro
vén falar con Lugrís e o taberneiro.



Urbano Lugo

César Candela

Non hai bita/norai na botella
Para o barco que mira pola ventá
Nin as formando gaza corrediza
No chicote do cabo
Non se vé driza aduxada á cornamusa
Nin cinc oxidado no ánodo de sacrificio



Fantasia marina (1960)

Iago Castro Buerger

Conversa entre Ulises Fingal e Jules Verne

Onde, capitán, habemos de pousar os ollos?

A voz era de con. Era de furna.

El. A morsa. A memoria.

onde as mans agora que asolagan aldeas
e cidades non navego?
a boca seca pé do mouro penedo branco
o navy bar onde ese horizonte?
como incendiado navío nautilus
se o mar xa non é -eléctrico- tan azul?

Aprendéronnos a navegar baixo terra
Brandán
Somos esa xente silenciosa que gravou a xeografía das illas
Staffa
Compartimos un código e medusas

ONDE O MAR ONDE OS TESOUROS?

Non hai fugas sen mar
alí deixamos as marcas
a identidade
a fuga
a identidade

Noso é o Mar Ti Norte Ti
Océano.



Paxaro das praias Lavandeira (1950)

Francisco Castro

O universo xerminal e feminino
de lumieiras agres doce sabor vermello
construíu a república das peles
naquel afastado día no que o sol
sentiu vergoña
diante da beleza
das pernas abertas
de Eva Deusa.
O universo xerminal é feminino
e Deus debe existir
e ter recendo líquido de muller namorada.



Bosque encantado (1940-60)

Olalla Cociña

unha praia para antes de durmir: atopáchela. pero coidado; por máis que tenses ese centro de calor nunca estarás tan a salvo como un talismán así pode facerche crer. segues a terlle medo a agosto, antes illa sinxela.

con determinación un pé, outro pé e porén estás nadando. volver a empezar cun molde para a area mollada, flan de alegría. tremente de azul, trementina tu na busca do cristalino axeitado para o enfoque perfecto. acouga, quece: a natureza é sempre desagradecida. pica a frouma entre as sabas. quixeches unha praia para antes de durmir, pero coidado.



Principio e fin (1948)

Leticia Costas Álvarez

as baleas non afogan

cae o ceo sobre as nosas crebas como un mal presaxio
a lúa é un corazón mínimo que sobreviviu á última guerra
e que non palpita porque as engrenaxes da súa maquinaria perderon
a cabeza
a paisaxe é desoladora

pertenzo a esa clase de cetáceos que teñen un burato negro entre
as costelas,
coa alma exposta como un cadáver: rodeada de flores e fotografías
en sepia
impedíndome esquecer todos os naufraxios

pero as baleas non afogan,
as baleas non afogan
non penses que me vou deixar devorar por ti outra vez,
sigo viva e teño un estómago a proba de bombas

mamá berra desde a fiestra da miña infancia
podo ver as súas cordas vocais tronzadas de desesperación
tan só intenta salvarme unha vez máis,
ela naceu para ser nube e arrincarme bolboretas no medio do temporal,
e aínda que a noite rebente as constelacións,
e a treboada consiga arrebatarme as aletas
eu seguirei sendo azul e repetirei en voz baixa que
as baleas non afogan xamais.



Acantilado (1940-1960)

Xosé Daniel Costas Currás

poema azul de fondo.

corpo deitado con fondo de arneirón.
azul de maré de fondo na pupila de acordeóns que descifran a rompente.

azul de fondo de cadro
en ollos que estragan o atlántico coa maquinaria da maré e dos beizos.
a primeira ollada do mascato negro
rescatado dun naufraxio imprudente. agarda!

a palabra que racha o cadro.

engano de insuficientes soños de reclamos de sereas.
papel de estraza con aparencia de acantilado senil.
pincelada de salitre e boca trazada de azul.



Botella e barco (1940-1960)

Marta Dacosta

Un barco nunha botella

vela inchada
a todo vapor o barco navega
persegue o seu horizonte
cre
no mar aberto, profundo
mar de ondas contra a costa
libre


a todo vapor
de vela inchada o barco navega
non ve
o vidro que rodea o seu mundo de mentira
que nada hai baixo a superficie das augas
que non hai peiraos en que atracar
nin cantís, nin ondada
nin illas para soñar

navega o barco
navega
sobre as escumas do engano
e ti que o ves
só reparas
na fermosura do barco
no interior da botella
ese mundo fráxil
falso

e ti que o ves
só sinalas
a habelencia da man
que tan ben soubo
pechalo

marta dacosta

decembro 2011.



As conxunturas do mar (1971)

Antón Dobao

Roto

como unha máscara de xofre negro
sobre fouce de nubes e mareas
gotas de néboa
sal en cores clandestinas
o lenzo é unha viaxe ao silencio
esgaza as fiestras nunha noite
e cinsas frías

a besta nos estertores do seu fedor fura
arpón de prata
azorrada á farsa
con malla de esterco
todo se esfarela
coa solidez do que se esfuma no aire
e os risos imitan un acocho

a vida afoga en exercicio de navallas
o camiño ao final da era
os pobres do mundo diluídos no fondo do mar
felices
porque o naufraxio é tan necesario coma o romper do día
que todo se esborralle ante os seus sorrisos lúgubres
que o estoupido alume lucecús e lumieiras
que nada permaneza
e ese tacto múltiplo sexa
a arte nova dun mundo
infinito



Homenaxe ós músicos e poetas do mar (1973)

Lara Domínguez Araújo

MAR AO FONDO

ESCENA O

ILLA ATLÁNTICA

Magritte e os cantís

resoan coma un peite de Chillida falando con Ulises.

O tecedor de tempos –o noso Urbano cosmopolita–

*adiántase (de novo) e recolle o testemuño do único que non esmorece
e sempre vale:*

o humilde

instante

libre.

*Campá-caramuxo, poética pictórica mural –isto é, xigante–
como pano de fondo antes de chegar a musa.*

Musa: Lémbrome de ti cando escribes de teu, cando comes dun cadro, bebes un grolo, falas libre e vives contigo e no mundo sen min.

Coro: E nós de ti, musa do argazo que nutriches o pobo con illas de Lugrís onde repousar os soños e o futuro.

Musa: Falaba con el, mesmo que nunca me (a)sentía... Sigo adorando a súa palabra-pincel na rúa, no pan, no aire.
Nos muros que ogallá falasen..!



Cuarto do vello mariño (1946)

Xosé Manuel Esperante

que cómodo non obstante
é saber que un vai morrer
que chegará un intre
no que un se deteña
e deixe caer
no chan que pisa
todo o seu fluír
toda a súa fuxida

ou o que é o mesmo

toda a súa busca
a súa procura
o seu degoiro

que confortábel
guindarse ao líquido elemento
dun mesmo
descarnado
enxergar o horizonte
desde a propia pel
desgastada
e permitir que un mesmo
o abrangue todo
o acumule
e reduza todo
nun mínimo espazo
nun mínimo aceno
nun mínimo espasmo
de pracer
e de memoria

(aloumiñado polo cuarto de Urbano Lugrís)



Mural no local da rúa Olmos, 25. A Coruña, 1952

Estibaliz Espinosa

Hic habitat Felicitas

E con todo, sei que nunca buceara neste lugar, que antes chamaron Zona en Inmersión e aínda antes NE e aínda antes Artabria e quizais aínda Cassitéride.

Afástome un instante das coordenadas establecidas pola Unidade de Mergullo coa pouco recomendable intención de me internar entre as ruínas asolagadas. Escoltados por hordas de burbullas e o ritmo de pedalaxe das súas aletas, os compañeiros pérdense de vista, pero o meu comunicador funciona, comprobeino. Botaranme de menos e chamarán. Ou non. Quizais deba darlle menos voltas e aproveitar a escapada antes de me reincorporar ao grupo de exploradores. Miro ao meu ao redor, esculco baixo uns arcos aínda en pé. A turba en suspensión impídeme ver ben, así que activo o ecosonograma para me facer unha idea da xeometría de cascallos a través do son. No medio dos remuíños de po ábrense de súpeto unhas fauces de claridade. Quedo petrificada, todo o petrificado que é posible quedar nun fondo mariño. Salvo o meu pelo, estou en éxtase.

Enxergo un barco dourado. Ninguén nel. Nada humano, agás unha bandeira que non recoñezo, azul, branca e vermella. Enfoco mellor a parede coa lanterna. Aínda que aproveito a espiña crebada de luz que se abre paso abismo adiante, hai zonas en penumbra, mordidas polo silencio, anhelando a súa dose de luminosidade. Como fan ás veces os cegos, guíome polo tacto para descifrar as cores da pintura, cores que, no entanto, vexo.

Un fresco. Un fresco aínda sen podrecer. Un fresco de séculos na neveira do tempo.

Debería avisar aos compañeiros disto. E así e todo, desde cando a curiosidade sáciase chamando ao resto do grupo antes de esgotar un descubrimento? O meu foco segue a traxectoria do barco no muro cara a un porto preñado de casas. A excitación empolícaseme pola espiña dorsal e alóxase baixo o coiro cabeludo, esperando o sinal para encrespalo. Dos meus compañeiros da 3º Unidade de Mergullo nin sequera percibo xa as ondulacións na auga. Esquécense de min. Marchan sen min. Sen gozaren da miña éxtase dourada. Sen min.

A silueta das ondas parece sostermme como unha coma. Cunha man toco o muro e ondúlase, perde peso, licúa. Perplexa, pregúntome entre burbullas se desde a auga real sería posible somerxerse na auga pintada. Bótome ás escamas de espuma de zinc sen pensalo dúas veces, cranio avanti. O mundo coñecido queda tras de min. Levo a lanterna acesa, que de pouco me serve. Véxoo todo con nitidez. Unha auga máis densa acólleme, un líquido cardenillo, verde de París tóxico e suave, con escunchaduras de humidade, restos de conversas en torno a unha mesa de bar, algunha mancha de mollo ou viño, gretas polas que asoman o seu ollo as criaturas submariñas, animais anoxados, desafiante polos séculos de desatención e espera. Nun parpaxo vexo flotar onda min un narval, cunha espiral de corno –en realidade é marfín– que agroma da súa boca. Da súa boca como un proxepto punxente.

Onde estivestes todo este tempo?

Desaparece cando intento tocalo. Ao lonxe, baixo o arco, unha serea de peitos redondos, solares, levanta sobre a súa cabeza un peixe filiforme e rosa, con perfil de cervo. Quero preguntarlle de que se trata, quen é, de que vai todo isto. Sen me ollar, e co estraño bicho aínda nas mans, afunde nun azul de ultramar mesturado con graxa e cal, un azul afumado que me fai tusir mentres braceo cara ao abismo da parede, en pos da súa beleza de monstra, serea, tras da túa cola de sardiña.

Pérdoa. Desisto e volvo á superficie, guiada por un sol e unha lúa que flanquean a cidade dende o alto. Ambos sorrín, xuntos nese firmamento de conto para pícaros. Se estiro un brazo toco o amarelo cadmio que se derrete e queima, as fazulas dese sol infantil, abiscoitado. A medialúa ri co perfil papel-de-arroz dunha geisha. No horizonte, muíños de vento, árbores de copa horizontal, barcos de vela ancorados na baía, campanarios e estandartes vivos ao vento, un faro solitario feito de torre nun xadrez extinto.

Adherencias de liques. Moluscos. Cnidarios. E trazos do fresco que xa non se ven.

O vento encrespa as ondas de aceite. Por momentos son borrada da parede e reaparezo, tusindo po de cal. Trago un grolo inmenso de auga que sabe a xeso, creo, a suor. Busco o comunicador para pedir axuda, pero tamén o dispositivo transformouse en debuxo. E cómo tremo, tremo coma se me tiveran trazado a carbón no abaneo dunha dorna. Chamo á serea, eu que sei, deliro, será o arsénico do verde, será o arrebatado da anémona do mar. Do mar que como mar obedece as forzas terrestres, xira case seguindo un ditado literario, unha turbulencia coa forza de Coriolis que abre un ollo de boi no medio do rostro do océano, e o ollo parpadexa, o ollo arrastra caramuxas no seu fondo, medusas, habitacións de mariños que viran entre catalexos, as-

trolabios, templos asolagados, *orquídeas de polbo* ou caribdis e a succión do vórtice terma de min polos pés como dunha nena, velaí vén unha vez máis a serea, vai e vén, os seus pezóns tamén xemelgos ollos de boi aos que asoman os afogados e os hipocampos cun ollar mellizo, lumes de San Telmo nun negror de chapapote antigo, o barril dun *maelström*, canecos de xenebra con mensaxes abertas e lidas. Aférome a unha desas mensaxes nun dos zarandeos: URBANO LUGRÍS PINTOR DE LA [...] AQUESTA OBRA EL DÍA VEINTICINCO DE FEBRERO DE MCMLI.

Un golpe escúncame da mensaxe e xiro ao chou como un perno solto antes de saír disparada da auga cara a un intradós cun ceo pintado. Alí, no revés do arco e sobre unha rosa dos ventos, cuspo algas, vomito óleo, tomo boca arriba coa respiración aínda violenta cravando as costelas no muro. Eis a cabeza da serea inclinada sobre min -como saíu da auga?- secándome ollos e beizos con panos escritos en algo que intúo en latín: *Hic habitat Felicitas*.

Onde estiveches? Por que tardaches tanto en regresar?

E chasquea a súa boca de trazo de xiz. Non sei que dicirlle. As miñas lembranzas desfán coma o xiz mesmo. O sol cáeme en picado. Fico na praia da cidade pintada. Fico na praia da cidade afundida. Presa no fresco. A serea esvaeceu. Subo as primeiras escaleiras que atopo e oio as campás, as pombas asustadas, os ruídos dunha praza e un tear de conversas triviais a teceren vida nova e a desteceren vella. Que verán en min cando me vexan? Recoñeceranme logo de tanto tempo? E que faría el durante estes séculos naufragados? Haberá aínda oco no mural da súa vida para Circe Fingal?

A Coruña, 2011



Urbano Lugrís

Eduardo Estévez

a imaxe seica tiña

uns gaiteiros

e uns bailaríns

tiña

de certo

a vaga lembranza

de multitude de cores

unha capa de

escurecido verniz protector

facía deles

unha suposición aproximada

esta é a táboa

dixéronme e

ao observala

pregunteime que significado

tivera no seu día

aquel agasallo

para o meu amigo a

dicía na adicatoria

tal vez pretendese
reconstruír
na memoria do agasallado
un recuncho da
patria

a patria faise
destes anacos dispersos

pero a táboa
agocháraa o esquecemento

por iso o baile
para min
non está na pintura
senón nunhas
pequenas figuras de
prata
estáticas
enriba do aparador da sala

e na peaña
o nome da danza
significaba só
esa vaga pertenza

un día
sucesivas mudanzas
(e urxencias)
devolveron o cadro á
luz

o tempo
que mo puxera nas mans
volveuno levar

e da pintura só restan
agora
fragmentos confusos

fáimelle unha foto

co móbil
aínda que sexa

pedinlle a s

quero ver
o que albiscou o
avó
cando recibiu
tan lonxe
aquele pequeno presente

pero xa se sabe

podería a foto
axudarme a facer
a miña propia
construción da memoria?

o presente nútrese só
de recordos difusos

tanto ten se se asemellan
ou non
ao pasado



Berbés (1943)

Manuel Forcadela

UT PICTURA POIESIS

Lugrís de tan Urbano pintaba co cerebro,
Si, si, directamente, sen tránsito pincel.


Lugrís de tan Urbano chegou tan fracasado
Ao bordo do solsticio que puxo en marcha a dorna
Ergueu a vella vela e díxonos : xa imos
Correndo na corrente. E logo foi calado
Sumido no solpor, o fume espaxendo,
Dalgún cigarro antigo, algún daqueles celtas
Sen filtro que fumábamos, hai tempo, polos meses,
Pois eran nesa altura sinais de fracasados,
As marcas que deixaba no peito aquel ferver
Das vidas interiores. E díxonos mirade,
Son tantos os obxectos que pode atesourar
Un vello mariñeiro! E tantas as distancias
Que o mar leva consigo!

Que un libro ou unha cuncha, o anzol que un peixe trouxo
Gardado no seu ventre
Non son máis que unha breve canción de singradura,
Só tres ou catro notas
Que o tempo foi pousando na pel do mariñeiro,
Acaso un vello mapa de rotas invisibles,
A lámpada que impregna de luz tanta derrota.

A tarde estaba aínda no cimo do verán
E viña un vento quente, furor de antigas brisas,
E dixo confiado, erguendo o rostro antigo:
Non sei se choverá, en tres ou catro días.
E logo foinos dando noticia do solpor,
Do xeito en que os incendios da tarde se impregnaban
Coa luz das Illas Cíes, da forma en que a rotunda
Esfera devalaba, deixando atrás o sol,
Seguindo aquel esteiro da ría cara ao fondo.

Quen che dera, vello Urbano
Lugrís, co teu pincel
Pintar toda a emoción
Que había nos teus ollos.

Quen che dera, meu pincel,
Pintar aquel Urbano
Lugrís pola distancia.



Urbano Lugrís · Mural

Luis González Tosar

Vista de Vigo por Urbano Lugrís

Quen fora ceo de angustia e monte de camelia,
asombro de mar coas pálebras molladas en azul.
Quen fora brazo e forma de polbo estremecido
contra a tarde da torre con ollos de acibeche.
Quen fora a linda dorna e non a nao lagañenta,
pano de berce branco onde pintar saloucos.



A onde iria (1944)

Nolin González

Levava por mastro

suma meda de sonhos,
e içava suas velas
de vidro translúcido,
acompanhava à lua
na sua longa viagem,
sem um destino fixo
nem lugar para amarrarem.

sulcava todas as noites
todos os mares...
todos os sonhos...
todos os lugares...

levava no leme a certeza
e seus cabos eram duros
como sua firmeza
vagava pelos sonhos
da noite fechada de estrelas

só o marulho do mar
e o zoar das velas
falavam com o barco
e contavam-lhe suas penas,
nada mais no horizonte
que o fulgor das suas veias...
rochas furiosas se batiam
entre bombordo e impaciência
zoa o vento nestes vidros
que nunca racharão as velas,
pois este barco e seu destino
junto a lua eterna navegam,
e não verão olhos divino
so afundar das minhas idéias.

levava no leme a certeza
e seus cabos eram duros
como sua nobreza...
sulcava todos as noites
todos os mares ...
todos os sonhos...
todos os lugares...
levava por mastros
uma meda de sonhos
carregado ia o barco
de esperança senlheira
guiava-no com precisão
suas fieis estrelas
e a lua de amor
acariciava suas velas....



Mapa de Galicia (Urbano Lugrís)

María Lado

os araos nin sequera pousan a súa sombra
sobre o peito da illa,
procuran o sustento na borraxeira, evitan
deterse sobre as pedras de cobre, roidas polo encaixe do mar
e non confían
nin sequera por un intre,
na quietude da besta.

como o pintor,
saben que se aventura o temporal
o minúsculo illote abre os ollos
e o seu rumbo errante engana os navíos, ata dar
coas súas cargas
nas covas do océano.

despois engole os corpos dos cazadores que raramente
voven a terra.
e os seus arpóns
ou a esgazada roupa de augas
son as únicas reliquias sobre as que permite
algunha veneración aos vivos que permanecen en terra.

son días en que o cetáceo
avista a carne dos homes co seu ollo de taleiro.
observa a vila con dentes de degoiro e ansía
a figura dun home que emerxe sobre o brazo do porto.

agarda polo mozo dos dedos manchados que ole a aceite,
que observa baleas
e outros innomeables monstros mariños
navegando ao agocho das sisargas,
anunciando calquera agoiro que non tardará en cuspir o océano.

pero o home xírase, o reflexo dos seus pés vai sobre as pozas
e desaparece na quentura da casa do pescador.

dende a galería, Lugrís obsérvaa,
e a besta
amósalle a boca aberta en mar de fondo
para un retrato.



Urbano Lugo

Daniel Landesa

Sairasme da entraña como última negación
froitto de meu, maldito
escuro fillo, maldito,
maldito.

Sairás da cova máis fonda desta montaña
para darte ao mundo
como ofrenda e berro primeiro.

Dende o alto desta atalaia só podo contemplar o teu ollar estarecido

e o meu corpo enfermo.



Paisaxe (1940-60)

Xosé Antón Laxe Martiñán

Urbe baixo lúa gris

O núcleo emocional
do poema establécese lonxe
na prudente quietude
dunha mañá na que o suxeito
lírico decidiu non poder máis
e tender un mapa húmido
a cartografía dun monólogo
como falar por teléfono por encher a vida
rodeado pola herba.
Pardeara o poema.
Algo, un relato, un paxaro, fora desbotado a terra pola auga.
O serán, entre tebras,
fixérase partidario,
militante da extenuación
auguenta daquela hora.

Xa na anoitecida,
no devalo dun *bigbang*
acoitelado
naceron as referencias
vivenciais do poema
a esfera dos afogados
o drama ortodoxo unha cisterna
ao fin
a salvar unha mentira.



Urbano Lugrís

Tati Mancebo

Retorno ao paraíso

Esas que semellan casas
son apenas almas
iluminadas pola vontade
que agroman no horizonte dos nosos días
disfrazadas de lares
sob peles de animais
e até vestidas cos fatos do inimigo
que pretenden deixar no esquecemento
nas bocas das que escriben a Historia
ao carón do lume
inverno tras inverno.

Son elas
baixo o veo que preserva o traballo do cortizo
as que nos abrirán a porta do mañá
pola que habemos voltar
por fin
sen roupas nin antucas.



Urbano Lugrís

Xurxo Martínez González

Almas de San Telmo

Chove.

Oblicuamente.

Chove.

Na patria de Ulises.

Choven almas,

centos de almas de San Telmo
abaladas coma balizas
na cunca onde te miras,
meu pintor.

Chove

e ao chover
a auga desce en adoas
ateigadas de descoñecidos.

Chove

e esvaran fitándome
até caeren en exactos círculos concéntricos
e entón cren saber quen son.

Chove

mais só esvaran,
como o son lonxincuo da radial
sobre a palma da man aberta
ou tacto de dedas encol
a area do Berbés.

Chove

e porque coidan coñecerme
refugo con violencia
a tona, a cortiza, a tea
deica bater no páncreas do ruído

e

farase o silencio
entre a coiraza de carballo.

Chove

e os que pretendan xulgarme
tede presente nesta hora
que serei leal ao desasosego.

Chove.

Peta o son líquido na brisa
con ademán de timidez.

Chove.

A intimidade é un pailebote ceibo
nas augas dun fanal.

Chove

minuciosa mente

detallada mente

barroca mente

Chove.

Sentir os átomos do osíxeno
ao estalar na miña alcoba.

...

Bicar o silencio
con lingua de pel de uva.

Chove.

Esixo o dereito á soidade.

...

Preludio

op. 28

nº 15

...

Choven
almas de San Telmo
na cunca do pintor.



A praia (1960)

Olga Novo

Clamor da calma

Se potessero i sospiri miei

Aria de Imeneo, Händel

Non o dubides un intre...

Se puidesen os meus suspiros afinar os seus tensores
quedaríanse os peixes no limbo que non é superficie nin é
fondo mariño...

Onde a sombra se pregunta a que sol debe obedecer
e unha marabunta de calma te asola cando menos o esperas


Porque se está espesando o ozono
porque se che está expandindo o diafragma e eu resoo dentro
e fago ecos na furna e sereno este ímpeto
e movo con fíos o trebón e as estrelas.

E átome cos teus tendóns a un tronco
vagando na quietude total
da miña mente.

Pero non o dubides
que toda estampa inmóbil trema cara dentro
e a inminencia é un volcán latente con epicentro en ti.
E ti non o dubides
estou contigo entre bacterias remotas que inventan a respiración
e choran coa emoción
de sentir entrar osíxeno nos seus órganos dunha célula soa.

E sen que me doa eu átome
cos teus tendóns a un tronco
para oír mellor o coro do meu corazón extremo
que me chama para dentro dos teus tendóns e átome
con eles a un tronco

e entro no éxtase
total
da nada
onde están os meus suspiros
afinando os seus tensores
e voume de min mesma
abandonada a este clamor da calma
a este clamor da calma
e a este clamor
da calma.



Urbano Lugo

Samuel L. París

O TRÁNSITO DA MAROLA E A INFECCIÓN DAS CAVIDADES TORTUOSAS

1.- entrada da marola morta de fame (chorando en re sostenido)

jim morrison estombeado
no entredentro do arneirón
realidade dactilar practicamente
escarallada cos xeonllos abertos en oito
no entredentro do arneirón

derrick green estombeado
na rectitude horizonte
a comandante mala cara
viño a penique e medio
na rectitude arneirón da marola

bianca perie desperdoando a física
na obviedade confesional a tal hora
a excomandante mala cara
aquí non acaño
no entredentro pagán do arneirón

2.- a marola acepta a súa idade e a súa hipnocesárea

infección escuma ronsel pus

1/2

demolición cosmoxordeira nivea apalancarse

1/3

pub manuel antonio fuma pipa

club blanco amor chupa pirola

2/3

arrincar o coche con esta paisaxe non hai quen se consentre

maricrús

arrinca o coche ho coas javiotas non hai cristo que che fecunde

maricrús

non me tolees co patriarcado

maricrús mariarcada

3/4

moi mal se nos ten que dar esta noite para que petroleiro monocasco

4/8

3.- a marola fálalles ás súas amigas de leviatán, de ahab e das gasosas feijoo con barrantes nun soneto e morde a lingua

este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam

este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam

este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam

este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam
este átomo xa estivo en surinam

4.- a marola recapacita seriamente antes da súa fuxida do catastro

mañá deterase a funambulista en desconcerto
ninguén debería preguntar os nomes da funambulista en erupción
afastada en sinusoides hepáticos e funambulista retrosegmentada
arneirón infección e atómica funambulista

funambulista detense en pseudodesconcerto
funambulista exclama

nacín para ser unha raíña
e fun máis martilonga
e agora son funambulista

funambulista rosma
funambulista rosma mentres se afasta

i'm gone

5.- saída da marola significándose ácrata entre ouveos

fortuíto como o misto perecín un día
coa túa desocupada estampa na fráxil reminiscencia
e a túa estampa palafurnática arroxoume espadanas e moitas humidades
e os teus riles case calabrotos preguntaban o que era a liberdade
pasei un inverno a ti arrincado como nunha demoníaca menstruación
porque eras lascivo como a suavidade
como a suavidade de arrincarme e perecer libre



Urbano Lugrís

Mario Regueira

Faltan palabras nese rebumbio de sinais,
rachadas brancas aniñadas no outro confín,
negros presaxios aos mariñeiros que xa non
atravesarán a matriz acuosa da nosa contorna.

Como en cascas que chegan a Irlanda, nos sete lazos
da irmandade dos ronseis, entre Brest, e a Cornualla,
nafragando a miña cabeza que cae, cos ollos fixos en ti,
das mans do último herdeiro.

Vou terra adentro, como as espadas
no ventre dos inimigos. Non podo, camarada,
co peso de tanta historia que creba as miñas costas,
e ficarán por sempre,
as murallas de Libunca sen a miña silueta a cercalas,
a vitoria sen os nosos rostros pintados,
bébedos, azuis e fermosos.

Hai barcos que agardan, coas súas tristes buguinas,
polos mariñeiros que xa non chegan.


Non cabe este pobo nas miñas mans,
nin creo xa a promesa que apunta a luz
da torre sempre vixía, sinalando o adiante.

Déixoche as súas cores,
estámpaas nos lugares do encontro,
envísgaas no salitre que queimaba a miña pel,
e fai akelarre con elas na honra das meigas.

Morarei no camiño, entre o cheiro das mazás
e a terra fendida de choivas.

Déixoche o espello máxico que reflexa as novas terras,
a lingua cortada de repetir as lendas, a rosa dos ventos,
e a caveira do Xerión.

As miñas mans atravesan outros mares, roldan travesías
nunca imaxinadas e fan nacer,
ás apalpadas,
novas nacións que nunca entregarán as armas.



Anticuario do porto (1946)

Luis Rei Núñez

Fábrica de soños

U-las presenzas do que foi un día?
Coma cinsa case, memoria son
e rescaldo nas cousas
que o naufraxio dos anos foi deitando
entre os cons das ribeiras.

Do baúl do almirante:
os diarios de a bordo, a gorra
e traxes comestos polos ratos.


Da cámara da nao:
a Esfera Armilar, catro cornas
e coral dos mares do Sur...

Presenzas do que foi.

Desbaratados sextantes
e un anteollo encartado.
Ese fanal con fondos de cadernas
e tesouros perdidos
a pé do loro amigo.

E ata cartas de caribeños portos
e un vello candil afumado.
Camarote do mariño retirado.

Sobre a mesa, o dedal de augardente,
coa marca dos beizos e as mareas,
eco fai ós latexos do peito.
…Colección de area.



Templo mergullado (1946)

María Reimóndez

Só as persoas mortas
coñecen do mar as entrañas.
Na costa de Haití
os nichos son máis grandes cás casas
e unha alemá pregunta:
como é que non lles fan ventás cara ao mar?
Como se non abundase con terlle que remexer
as tripas para sacar algo de comer
no medio deste deserto,
como se unha casa non fose
o medio de protexerse da intemperie
entre o vento, o sol, o salitre e o tifón.
Só as persoas mortas
coñecen do mar as entrañas.
Residen con elas e xogan entre os barcos
as miñas meniñas e os meus meniños
que correron pola praia de Karaikal
enlazados ao argazo
para nunca máis volver.

Perdidas as crianzas da man da súa mai.
Aquilo semella ficar lonxe
mais nin elas nin eu esquecemos.
Só as persoas mortas
coñecen do mar as entrañas.
Nelas habitan flutuantes coma pintura azul que se dilúe
sen fronteiras peláxicas.
Non fican fantasmas
senón peixes
e barcos
e áncoras
e coral e rocha.
Non podemos pescalas
para sempre lonxe.
E dende a praia
dende o marco
pescudo cos ollos infinitos as súas pegadas na area
preguntándome se me levarán coas súas crebas
a un tempo mellor.




A musa do pescador (1940-1960)

Elvira Riveiro Tobío

Romance da musa do pescador

Olo en trebón a amencida,
gardo a lúa no meu lenzo,
son o urro da buguina,
son a onda e mais o merlo,
fuxo veloz da saudade
malia a calixe no leito,
son a mesma duna viva
escorregando entre os dedos,
son a que conduce os peixes
ao teu colo lamacento,
a que se move lixeira
e infunde forza no remo,
son esa que ves na noite,
ese alustro e ese vento,
son o teu mar, o teu útero,
a miña pube: o teu centro,
son a que ri, a que danza,
son a raíña e o cetro,

ando, busco, fago, vou,
digo, marcho, abro, acendo,
movo, arrastro, furo, sigo,
ouzo, falo, non espero.
Son a que descalza vai
desafiar neboeiros,
arrombar días salgados
na gabeta dos desexos,
cubrir de nácara fina
cada bico do meu peito.
Son a que racha coa man
o calmo manto do ceo,
a que trae o vendaval,
a que atrae o barlovento,
son a que leva nas branquias
toda a furia dos océanos
e deixa liques de sal
pendurados dos piñeiros.
Se alguén me ve na xanela,
pode pensar que eu espero,
mais teño unha luz que aluma
o que de min hai por dentro:
poño, tiro, tomo, dou,
miro, salto, voo, fecho,
volvo, gardo, subo, quito,
loito, amo, non espero.



Urbano LUGRÍS · Lembranzas de mariñeiro · 1946 · Óleo sobre contrachapado · 44x 60 cm.

David Rodríguez

A deconstrución do mar

Pechar na xeometría limitada do lenzo o exceso que é a vida.
Esa é a inevitable, fútil e bela tarefa de ser home.



Lenda mariña (1946)

Laura Sáez

As criaturas das augas,
veñen na noite á boca da ría
lamber a manteiga dóce do luar.
Aí está o peixecorno, coa súa dama ás costas,
muller que quixo o mar antes que todas as cousas,
e tamén o lililampo, amorosa guía de quen busca o camiño entre as ondas,
e que bota a correr cando o trebón abre o fociño.
Tamén bebe da lúa o paxarocoiro,
que cos ollos pechados por un día que quixo ver o sol,
guíase seguindo as ondas Martenot da súa propia alma,
tamén queimada.
Polo camiño das sedas chega renqueante o leviatán,
entoando cunha manda de baleas chepudas
vellas cantigas de namorar.
Entre as escamas, negras e duras de lousa do Courel
un exército de percebes e arneiróns fanlle pesado o navegar.
O cabaliño do mar olla cara arriba.
A lúa sorrí.
Meus pequenos!



Urbano Lugrís

Xosé Luís Santos Cabanas

Diante dun cadro de Urbano Lugrís

Talvez ao dobrar a esquina nocturna
achemos, Ulises, a túa tatuaxe,
áncora de pailebote branco fondeado na badía,

na rúa ateigada de tristes vasos baleiros,
vidros sen viño:
soidade

Mais nas vellas tabernas aínda resoa
a túa voz ceibe de dragón,
e ollos riseiros,
coma tal os de Ulises Fingal de Taramancos,
a recadar ávidos
o teu rouco son,

os risos que tecen amizade indelével
contra os tempos escuros,


contra o tempo

e ti xa sabías que levitaba, a serena princesa de terras interiores,
para chantar a súa arruinada torre de homenaxe
nese mar de nostalxias das viaxes iniciáticas
que medra nun anaco do teu ceo
coma nos ceos do París de Verlaine.

A tona da auga, calada,
murmuraria na maxia da buguina
coqueta na duna
mentres nós repousamos da viaxe, silentes,
sentados á carón de todos os Ulises
e lentamente lámbenos recendo lentura de recordos
coma as linguas amigas dos cans da casa.

Esquecemos por un instante os espantos,
os nomes dos topónimos ensanguentados,
eses cadros que non puido pintar Francisco Miguel
(ai, meu amor, ai triste Sira)
ou os que Luis Huici soñaba o mesmo día da súa morte violenta,

e agardan eles por nós nas simas tristísimas
das túas augas oceanas,
ouh meu Ulises Fingal Lúgrís.



Urbano Lúgrís · Sem título · 1969 · Tinta chinesa sobre papel · 65x60 cm.

Séchu Sende

Sem título

Ás vezes sinto-me como essa mulher
que tem a morte nos olhos e a vida sobre os lábios.


As palavras som seres vivos.

Caem-me as cousas da mao e rompem.

E tenho medo de que os sonhos
nom venham na minha ajuda.

Daquela começo a fazer perguntas
que ninguém saberá contestar nunca.

As palabras tamém rompem.



Urbano Luguís

María N. Soutelo

Reverdear as eiras cósta

arriba
mentres camiñanos, de vólta a esta casa fría
que nos abandonou nalgún momento do duro tránsito.

Cumprir cerimoniosos o
ricto
das mañás neboentas
pinga a pinga sobre
todas as cousas.

Xa non somos os de antes, valgamedióis,
-este arrepío que me invade mentres cerro a porta detrás dos
pasos-.


Non digas "merda" porque, ás veces, blasfemo.
Nin me tapes a boca se berro de dor en soños esta noite.

Non recorreremos coa punta dos dedos os contornos das árbores
nin as sombras arredor de nós, trazando o horizonte de cada solpor
dende a solaina, de novo.

Porque sabes que non volveremos a habitarnos,
malia ter loitado tanto polo retorno,
brazos abertos
laranxeira do patio,
vestixio, despoxo
parede balorenta onde amparar o corpo.

Sucios de fracaso,
arrasaremos todo baixo os pés , pedra a pedra, até os cimentos e as
raíces
para pedir polas nosas faltas,

pero non teremos o valor suficiente aínda
-como cando chegar ó baile mentres remata a peza-
para poder, por unha vez tan só, salvarnos.



Barco nunha botella (1940-60)

Pablo Texón

Una amenaza negra
asola'l cristal húmedu,
fiya ilexítima del fumu
que naz del güesu.

Una amenaza negra
na mirada del marineru inmóvil
que de la forma namás quier
ver madera,
como si guardar recuerdu
de lo que foi
convirtiera en filu la
distancia
que lu separa de la botella.

La mar, dientro. Fuera, el desiertu,
espeyismu, entós, del pasáu,
oasis vacuu de recuerdos,
inmóvil el marineru,
el vieyu marineru,
l'ex-marineru, eso ye,
de qué sirve agora l'eufemismu.

Quiciabes un golpe
falsamente azarosu
pudiera romper el cristal
y traer dalgo,
quiciabes l'agua, quiciabes
la memoria de la madera o
mesmamente l'olvidu repentino,
dalgo,
dalgo diba ser bastante nesta hora.



Urbano Lugrís · Malpica

Miguel Valverde Juncal

O derradeiro capitán

No prato cunca do océano de Sahul,
ao carón da costa norte das Illas de Bralgu,
si, alá,
alá onde nunca descansa o monstro
que arrodea todos os cons da costa nova,
navegaba Juncal Casas, o derradeiro capitán.

Xa ben tempo pasara, el sabía.
O seu océano era pouco e pouco máis miúdo.
A súa idea do mundo, el sabía,
medía as brazas da razón
na profundidade do horizonte.

E sempre pulcro, co seu catalexo próximo
ao ollo brétema que lle valía para prender lume
no vaso de ron,
rosmaba renxendo dentes:

"Cando aquilo do que supoñemos ser donos
da súa navegación
dá en amosarche outros roteiros,
amigo meu,
é hora de virar, sen máis dilación".

E si, oh, abofé!
Mira que xa os peixes
nin dispoñen sequera dunha bandeira pirata
que deteña a universal ferocidade
duns ollos asasinados revirados cara a popa!

Vestido coma un capitán de conto
-barba de capitán,
de capitán as botas e os galóns dourados,
e mesmo a gorra salferida-
e sabéndose abaneado pola experiencia,
ventaba a doce virtude de perder o control:

"O caos échevos a escada de aire e auga,
prismático de vixía e nariz de bébedo,
para comprender a pequena extensión
do universo de noso".

El sabía, si,
que a súa singradura remataba.
Coa dignidade dun cómico retrato,
decidiu ser un sorriso na xente nova
e un asinado comentario de amargos cafés.



Serea alada (1946)

Miro Villar

Regreso á casa

Aló vas transparente, como serea atlántica de Lugrís, nos adeuses da invernia que chega, emigras desde o frío a mares do interior na procura da cálida placenta dos afectos que alimenta a palabra orixinal do berce.

Escoitas nas ribeiras serróns e tronzadores e arrecendes outrora o po das serraduras que decoraba as saias da nena rebuldeira en mañás de madeira e de olladas de esguello.

E falas coas escuadras, co nivel, co compás, e acoden á conversa as gubias e os formóns e tamén xa se escoita íntimo o berbiquí a facerche preguntas sobre a inmensidade das mareas no corpo da gamela que soñas.

Publicado no libro *As crebas* (Espiral Maior: 2011)



Porto da Coruña (1946)

Isaac Xubín

Pés de xofre


*Ao meu avó José Fernández Rial,
da brava, selvaxe e enxebre raza dos Formarís.
E ao meu pai, herdeiro.*

Podería dicir que A Cruña é unha traizón enorme, pero dela que só é unha nena, non sabe o que é a memoria, que leva sobre os ombreiros da nación o peso, a historia, non podo esixir de conciencia razón, orgullo e dignidade.

Podería dicir que A Cruña é unha traizón enorme, e así procuro travesías nas dedas da miña idade, escusas, viaxes para renegar e arredarme das maldades que o beato porco en pé espallou con blasfemia e ladaíña.

Podería dicir que A Cruña é unha traizón enorme,
pero aínda arriba a ela co degoxo da morriña,
da inercia da tribo galega, que nós temos, que nos xorde

de evadir, abandonar, fuxir desta terra prometida
para podermos volver a ela coa ilusión e os pés de xofre
de quen descobre, quen se achega, por primeira vez na vida.



Recordando mellores tempos (1944)

Silvia Penas

